

Verin, 28 de Febreiro de 2017

SANTIAGO LORENZO TABOADA, SECRETARIO-INTERVENTOR DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE VERIN (OURENSE)

CERTIFICO:

Que na Sesión que se indica e en relación co asunto que se cita produciuse a seguinte resolución:

**23 de Febreiro de 2017
ASAMBLEA EXTRAORDINARIA**

9.- CONTRATACION DA PRESTACION DO SERVIZO DE RECAUDACIÓN DA MANCOMUNIDADE. ACORDO DE ADXUDICACION.

O Sr. Presidente da conta da proposta da mesa de contratación.

O Sr. secretario da conta da valoración do concurso que fixo a mesa en relación coas ofertas que se presentaron. Tralo que a Asemblea, por unanimidade dos seus trece membros presentes, dos catorce que legalmente a forman, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación; e logo de ver as actuacións da mesa de contratación recollidas nas actas das súas sesións de datas 23.01.2017 e 14.02.2017 e consonte coas súas consideracións e proposta de adxudicación, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Declarar válida a licitación e adxudicar a a seguinte contratación:

OBXECTO: Colaboración na recaudación de tributos da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

ADXUDICATARIO: RETRILO, S.L.

DOMICILIO: Rúa Espido, 17. 32600 Verín (Ourense)

RETRIBUCION DO ADXUDICATARIO: Por porcentaxes da recadación:


- En período voluntario: 4.90 % , máis o IVE

- Pola vía executiva: 9,30 %; 13,43 % e 16,50 % según períodos, máis o IVE.

MELLORAS QUE SE OFERTARON:

1. **Local** do servizo de recaudación. Dunha superficie construída de 117.52 m2 adaptado mediante inversión de 42.703,02 euros.

2. **Cesión gratuíta dun local para as oficinas administrativas da Mancomunidade.** Dunha superficie construída de 86.84 m2 adaptado mediante inversión de 39.381,51 euros, durante a vixencia co contrato.



3. **Desplazamento do persoal do servizo aos concellos** (Castrelo, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra y Vilardevós), durante o periodo voluntario de cobranza.

4. Adscripción en exclusiva ao servizo dun abogado

5. **Anticipos** a conta de tesourería a favor dos concellos. Dun máximo do 15% da recadación do exercicio anterior.

6. Establecemento dun sistema de interconexión informática concellos-servizo de recadación. Posibilitando un acceso automático e directo dos responsables municipais da intervención ao sistema e bases de datos do Servizo de Recaudación.

7. Pago de tributos a través de internet; creación dunha páxina web e implantación do servizo en redes sociais.

PUNTUACION VALORACION DO CONCURSO: 79.55 puntos.

GARANTÍA DEFINITIVA: 90.000,00 euros

SEGUNDO. Requerir ó adxudicatario para que no non prorrogable prazo dos 15 días hábiles seguintes ó da notificación deste acordo aporte o documento constitutivo da garantía definitiva polo importe que se sinalou, como requisito previo á sinatura do contrato, devolvéndoselle a garantía provisional sen máis trámites.

TERCEIRO. En cumprimento da cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares, notifíquese a presente adxudicación a tódolos participantes na licitación e devólvanselle as garantías provisionais sen máis trámites.

E para que así conste, asino a presente no lugar e data arriba indicada.

V e Prace
O Presidente